



Antroponimizando (CD)

É un recurso dixital educativo ideado por Xulia Marqués Valea á par do libro *Enredando nos antropónimos* e dentro dunha iniciativa conxunta e complementaria de creación de materiais didácticos cun fin divulgativo.

É un recurso que integra as novas tecnoloxías e que contribúe a descubrir e a reforzar a onomástica persoal na aula.

A proposta inclúe actividades distribuídas en dúas seccións, **Nomes de persoas** e **O que dan de si os apelidos**. O repertorio de actividades de aprendizaxe ofrece emparellamentos, sopas de letras, escollas de resposta correcta, preguntas tipo test, investigación e V/F. As actividades preséntanse de xeito autónomo, aínda que organizadas secuencialmente, son de doada accesibilidade e levan consigo a posibilidade de avaliación. Preséntase en formato CD e é de doado acceso desde o ordenador da aula ou da casa; está preparado para abrir cos navegadores máis frecuentes (*chrome, mozilla firefox e internet explorer*) e tamén se facilita en formato *scorm* para poder usar nunha plataforma *moodle*.